

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

CURSO: SEXTO

MATERIA: Educación Plástica e Visual

DEPARTAMENTO:

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ■ B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
<ul style="list-style-type: none"> ■ B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. ■ EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os procedementos de avaliación estarán en función da metodoloxía empregada no terceiro trimestre pero seguirá baseándose nunha avaliación continua e formativa. O alumno/a non se verá perxudicado por esta avaliación e pola circunstancia excepcionais en que se aplica.
	Instrumentos: Participación e intervención do alumnado na Plataforma Edixgal. Tarefas planteadas e recibidas polo profesor en dita plataforma o no seu caso noutras plataformas alternativas.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do alumno/a estará basada nas aprendizaxes levadas a cabo polo alumnado no 1º e 2º trimestres do curso ademáis das actividades de recuperación, repaso e reforzo desenvolvidas no 3º trimestre, sempre e cando o alumno/a se vexa beneficiado. A calificación final tomará como base a obtida no 2º trimestre que se poderá ver incrementada en 1 punto aplicando os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">• Conexión do alumno a través da plataforma Edixgal para a recepción, realización e entrega das tarefas na forma e prazos estipulados.• Realización de alomenos un 50% das tarefas propostas.• Realización de forma axeitada das tarefas. A nota final non poderá exceder de 10 puntos.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Os criterios de cualificación serán os mesmos que os indicados nesta programación con carácter xeral apoiándose en tarefas propostas de repaso e recuperación valorando especialmente a actitude, esforzo e realización das mesmas.
	Criterios de cualificación: Os criterios de cualificación serán os mesmos que os xa indicados con carácter xeral. Valorarase a participación e realización das tarefas propostas.
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

	<p>Rexistro da actividade do alumnado na Plataforma Edixgal.</p> <p>Realización por parte do alumno e corrección e cualificación das mesmas por parte do profesor.</p>
<p>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</p>	
<p>Actividades</p>	<p>Actividades de repaso, consolidación, recuperación dos contidos traballados no 1º e 2º trimestres.</p> <p>Pequenos e sinxelos traballos ou proxectos artísticos.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Aproveitaremos as circunstancias para traballar a través de traballos cun modelo a seguir pero que permita a libre expresión dos alumnos nas súas producións</p> <p>Usaranse as formas dispoñibles para contactar cos alumnos (Edixgal, Abalar Móbil)</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Fundamentalmente a Plataforma Edixgal e outras plataformas e recursos dixitais dispoñibles.</p> <p>Materiais susceptibles de ser usados na produción plástica e artística dos que dispoñan os alumnos nas súas casas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. O alumnado será informado fundamentalmente a través da Plataforma Edixgal, ben na propia proposta de tarefas a realizar como da mensaxería e o foro creado ao efecto. As familias serán informadas a través de Abalar Móbil, correo electrónico e a través da web do centro
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.